

Curso Online de Introducción a Moodle



Orientación para o Curso Online de Introducción a Moodle Curso 2019-2020

Coordinadora: Alicia Gil

Introdución

Este curso está deseñado para ter un primeiro acercamento á aula virtual Moodle da EOI de Vigo desenvolvendo as tecnoloxías informativas e comunicativas relacionadas coa plataforma Moodle. Polo tanto, neste curso veremos especificamente a instalación dun modelo de curso online de Moodle (provisto polo curso para metaformadores), a adaptación do seu deseño ás necesidades dos/as participantes e os recursos básicos de Moodle que podemos usar para transmitir contidos educativos, para facer actividades interactivas e para avaliar tarefas do alumnado. Para desenvolver este curso, baseeime no seguinte:

1. Curso online para metaformadores *Diseño, creación e titorización de cursos virtuais para a formación en rede* de 60 horas, no que participei no primeiro cuatrimestre do curso de académico 2016-2017.
2. Seminario *Aplicación de Moodle na Aula* de 30 horas, coa presenza do relator José Antonio Fernández Troncoso (10 horas), que coordinei durante o curso académico 2012-2013.
3. As miñas experiencias co seguinte material elaborado na aula virtual Moodle da EOI de Vigo:
 - a. Curso *Basic Course A1*, comezado no curso 2018-2019 ata o presente.
 - b. Cursos de *That's English! Módulos 1 e 2*, comezados a elaborar durante o seminario e utilizados a partir do curso 2013-2014 ata o presente.
 - c. Obradoiro *Online Speaking Workshop for Beginners*, durante o curso académico 2018-2019.
 - d. Tres edicións do club de lectura online *Art Theory and Appreciation*, comezado a elaborar durante o curso para metaformadores: a primeira

edición durante o segundo cuadrimestre do curso 2016-2017; a segunda durante o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018; e finalmente, a terceira durante todo o curso 2018-2019.

- e. Club de lectura online *Superman Comics and Feminism*, durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2017-2018.
- f. Curso *First Intermediate Course*, utilizado durante os cursos 2016-2017 e 2017-2018.

Obxectivos

OBXECTIVOS BÁSICOS

- 1) Ter un primeiro acercamento á aula virtual Moodle da EOI de Vigo.
- 2) Desenvolver as tecnoloxías informativas e comunicativas relacionadas coa plataforma de Moodle.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 3) Instalar un modelo de curso na plataforma Moodle da EOI de Vigo.
- 4) Adaptar o modelo ás necesidades individuais dos/as participantes.
- 5) Coñecer os dispositivos básicos de Moodle para instalar recursos e actividades interactivas.
- 6) Usar aplicacións online para buscar material de deseño e de aprendizaxe.
- 7) Seleccionar material online adecuado para o seu uso polos/as participantes.
- 8) Coñecer os ao material instalado no curso.
- 9) Colaborar e cooperar cos/as outros/as participantes para facilitar a aprendizaxe.

Organización

Este é un curso online que ten o obxectivo de que os/as participantes abran na plataforma da aula virtual Moodle da EOI de Vigo o seu propio curso online baseado no modelo provisto polo curso para metaformadores. Ese curso serviralles para desenvolver no futuro os diferentes cursos que necesiten en su desenvolvemento profesional coma docentes.

O curso online elaborado pola coordinadora dispón de instrucións detalladas para levar a cabo os obxectivos de acordo coa temporalización e tamén de foros onde expresar as dúbidas e preguntas que xurdan durante o proceso. Os/as participantes teñen que entrar na aula virtual instalada pola coordinadores para atopar o material e para interactuar con ela e cos/as compañeiros/as.



Temporalización

Horas de adicación	Módulo e actividades
½ hora	Introdución: Entrar na aula virtual do curso, actualizar o perfil cunha foto e presentarse ao grupo de aprendizaxe no Foro de Presentacións.
2h	Módulo 1: Instalar o modelo de curso Moodle na plataforma da aula virtual da EOI de Vigo. Decidir o deseño máis conveniente para as necesidades individuais dos/as participantes. Buscar material que sirva para os obxectivos de ensino.
1h (posiblemente máis)	Módulo 2: Coñecer os dispositivos básicos para instalar recursos no curso.
1h (posiblemente máis)	Módulo 3: Coñecer os dispositivos básicos para instalar actividades interactivas.
½ hora	Conclusión: Avaliación do traballo realizado e do curso. Mensaxes de despedida.

Atribución: Alicia Gil. [CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).